



XUNTA DE GALICIA



**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DE VARIOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO ÁMBITO EDUCATIVO NO EIDO DE CENTROS E DA INSPECCIÓN, AVALIACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA EDUCATIVO**

En Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Jesús Oitavén Barcala, en calidade de secretario xeral técnico da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional, actuando en nome e representación da dita Consellería, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 5 de decembro de 2018 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da mesma consellería, publicada do DOG núm. 243, do 21 de decembro de 2018 e de conformidade co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Doutra parte, Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude





XUNTA DE GALICIA



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo.-** Que conforme ao Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, establece no seu artigo primeiro que é da competencia desta consellería a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Para o correcto desenvolvemento das competencias e funcións anteriores, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional precisa desenvolver determinadas actuacións en materia tecnolóxica para a xestión das programacións, de reclamacións ás cualificacións, de protocolos de actuacións en centros educativos, así como a evolución do sistema de admisión a centros educativos, de xestión de centros privados, de xestión de títulos, homologacións de titulacións, e a integración do sistema de xestión de bibliotecas escolares.

**Terceiro.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar



XUNTA DE GALICIA



acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Amtega para o desenvolvemento dos proxectos de xestión das programacións, de reclamacións ás cualificacións, de protocolos de actuacións en centros educativos, así como o desenvolvemento ou evolución do sistema de admisión a centros educativos, de xestión de centros privados, de xestión de títulos, homologacións de estudos estranxeiros, xestión dos gastos de funcionamento dos centros públicos, das unidades e postos de traballo de educación infantil, primaria e educación especial, así como a integración do sistema de xestión dos programas de bibliotecas escolares.



## Segunda.- Financiamento

O importe da achega da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de 1.446.000 euros (UN MILLÓN CATROCENTOS CORENTA E SEIS MIL EUROS), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2019: 433.000 €
- Anualidade 2020: 472.000 €
- Anualidade 2021: 541.000 €

Serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades e aplicacións orzamentarias que se indica no seguinte cadro, para a súa posterior baixa:

Aplicación orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021	Total (IVE incluído)
10.30.423A.780.7	335.000 €	336.000 €	405.000 €	1.076.000 €
10.20.423A.640.3	98.000 €	136.000 €	136.000 €	370.000 €
TOTAL	433.000 €	472.000 €	541.000 €	1.446.000 €

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.421A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.421A.626.0, código de proxecto 2013-00001, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2019, 2020 e 2021.



### **Terceira.- Actuacións a desenvolver**

Ao abeiro do presente acordo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolverá as seguintes actuacións:

- I. Desenvolver os sistemas indicados, de acordo coa priorización establecida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e dentro dos límites orzamentarios deste acordo, que permitirá as seguintes funcionalidades, correspondentes por cada unha das seguintes direccións xerais xestoras:

#### **A) DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

- 1) Nova versión do sistema de xestión das programacións, incorporando o cálculo dinámico do mapeado de competencias clave, e permitindo unha información completa a todos os actores do proceso, incluíndo ás familias.
- 2) Novo sistema de xestión de reclamacións das cualificacións , que permita unha áxil tramitación das reclamacións nos prazos establecidos.
- 3) Novo sistema de xestión dos protocolos de actuación en centros educativos, para canalizar e sistematizar as distintas actuacións previstas.

#### **B) DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**

- 1) Melloras na integración dos sistemas de xestión de admisión a centros educativos e máis no de homologacións de estudos estranxeiros cós distintos sistemas da Consellería.
- 2) Evolución do sistema Centrosprivados para incorporar o rexistro e xestión actual dos concertos educativos.
- 3) Evolución do sistema de xestión de títulos eliminando o papel na tramitación e dando cobertura plena ao Suplemento Europeo ao Título.



- 4) Evolución do sistema UptCentros, atribuír carácter de análise da rede centros dependentes da Consellería en Infantil, Primaria e Educación Especial.
- 5) Integración do sistema de xestión dos programas de bibliotecas escolares e fomento da lectura.
- 6) Desenvolver un sistema de xestión para a distribución dos gastos de funcionamento dos centros públicos.

II. A tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Asemade desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional recollido na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.

#### **Cuarta.- Previsións de desenvolvemento**

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.



XUNTA DE GALICIA



#### **Quinta.- Vixencia**

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2021.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

#### **Sexta.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

O Secretario xeral Técnico

A directora da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

(PD 05/12/2018)

Jesús Oitavén Barcala

Mar Pereira Álvarez